

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027927	IES Ramón Caamaño	Muxía	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo no que se marca o obxectivo do desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES RAMÓN CAAMAÑO, en Muxía, provincia de A Coruña, que é un centro de carácter rural, situado na vila que é a capital do Concello do mesmo nome. Un concello onde as actividades económicas predominantes, son a pesca, o marisqueo as actividades agrogandeiras e últimamente o sector turístico que está en alza a raíz da reactivación do Camiño de Santiago, a Ruta dos Faros e a instalación dun parador Turístico. A maior parte das familias son de perfil socioeconómico medio-baixo. Muxía é un concello no que hai moita dispersión de núcleos rurais; en moitas ocasións atopámonos ás veces alumnado que no seu núcleo non ten amizades no mesmo e o Instituto representa o espazo de socialización.

O grupo seleccionado de 3º ESO, está composto por 12 alumnos e alumnas. A carga lectiva por nivel e grupo é de 1 hora semanal.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Espazo para a análise, debate e acción sobre ecoloxía, paisaxe,	Presentación do abano de temáticas a tratar, presentación da metodoloxía	33	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	medioambiente e patrimonio na contorna de Muxía I.	proxectual para levar a cabo un proxecto relacionado con unha ou diferentes temáticas.	33	10	X		
2	Espazo para a análise, debate e acción sobre ecoloxía, paisaxe, medioambiente e patrimonio na contorna de Muxía II	Por grupos elaboraránse pequenos traballos de investigación sobre as temáticas referentes ó tema para coñecer de primeira man a realidade e posibilidades da contorna. Nesta fase algunha das temáticas pode adoptar segundo a dinámica das sesións un papel predominante á hora da realización dun produto final.	33	10	X	X	
3	Espazo para a análise, debate e acción sobre ecoloxía, paisaxe, medioambiente e patrimonio na contorna de Muxía III	Elaboración do produto final e presentación do mesmo. O produto final poderá ser relativo a unha ou varias das temáticas tratadas.	34	15		X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Espazo para a análise, debate e acción sobre ecoloxía, paisaxe, medioambiente e patrimonio na contorna de Muxía I.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da cultura popular e das tradicións.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Espazo para a análise, debate e acción sobre ecoloxía, paisaxe, medioambiente e patrimonio na contorna de Muxía II	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Espazo para a análise, debate e acción sobre ecoloxía, paisaxe, medioambiente e patrimonio na contorna de Muxía III	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a campaña publicitaria.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Espazo para a análise, debate e acción sobre ecoloxía, paisaxe, medioambiente e patrimonio na contorna de Muxía".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN: Explicarase e traballarase a metodoloxía proxectual para analizar un tema e resolver as diferentes fases ata a consecución final, sexa esta un produto ou acción física, a elaboración dun informe, unha presentación multimedia etc...sobre as diferentes temáticas que abranguen o tema do curso. Exploración das temáticas.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN: Por gupos, realizarase un proceso de investigación sobre diversos aspectos do tema do curso ou, de ser o cas, se no devir da dinámica da clase impónse un proxecto de forma predominante, por ser máis motivador, facelo con este último.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN: Elaborar un produto sobre as temáticas ou temática elexida. Desenvolver un produto físico, acción, obxecto multimedia ou expositivo, ou combinación destes.

Ainda que na metodoloxía se recolle unha temporalización fixa, certos aspectos en canto á parte investigadora e a do desenvolvemento dun produto ou produtos finais poderán darse ó mesmo tempo se a dinámica do proxecto o require.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna, momentos históricos...)
- Matemáticas (estadísticas sobre poboacións, tempos...)
- Economía (comparativas nos prezos)
- Tecnoloxía e Dixitalización (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula de Informática (según disponibilidad) (emprego do material informático e multimedia)
Biblioteca do centro (fondos do centro)+(emprego dos ordenadores da biblioteca)
Aula de Plástica (Aula de referencia)

Empregaremos a Aula de Plástica que está dotada con ordenador, canón proxector, pantalla de proxección e equipo de son, así como mesas, cadeiras e materiais de plástica de uso artístico para a presentación do tema, as postas en común, os debates. Empregaremos as aulas de Informática ou de Biblioteca dotadas con equipos informáticos para parte da laboura de investigación a través da rede. Estes tres espazos e os espazos comúns do centro poden ser empregados tamén para a elaboración do produto ou produtos finais.

En canto ás necesidades do alumnado é preciso que posúan caderno e medios gráficos así como que tamén se lle suxire o emprego dun pendrive para almacenar a información (aínda que non é indispensable o uso do mesmo).

De ser o caso segundo avance o curso, o centro fornecerá o alumnado do material preciso segundo a proposta final a levar a cabo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Dosieres e presentacións.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Dosieres e presentacións
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto.

CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas partes da materia establecerase do seguinte xeito:

a) Traballos realizados no centro ou na casa, individuais ou en grupo, escritos, orais ou multimedia ou de carácter obxetual e físico, expositivos ou que conleven unha acción. Os diferentes traballos e tarefas realizadas puntuaríanse de 0 a 10 puntos, podendo expresarse, en caso de que a tarefa así o requira, cunha aproximación máxima de 0,1 puntos. A nota deste apartado será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das tarefas e traballos. Cada nota parcial debe ser testemuña directa da consecución ou non dos obxectivos previstos. A cualificación deste apartado obtense a través da realización da media aritmética de tódalas tarefas, e a aplicación sobre a mesma da porcentaxe que representa sobre a nota da avaliación. Este apartado supón o 100% da nota da avaliación.

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto ás directrices para o desenvolvemento

das sesións co material correspondente ,e que as diferentes tarefas sexan entregadas nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta na avaliación.

CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final consistirá na media aritmética das tres avaliacións, feitas as correspondentes recuperacións das mesmas en caso de ser preciso, máis a posibilidade de suma de ata un punto sobre a media das avaliacións no caso do alumnado que ten a materia superada xa ao remate da 3ª (as tres aprobadas) que ten que realizar un traballo específico de carácter práctico ou investigador.

Peso de cada avaliación na ponderación final:

- 1ª avaliación: 33%
- 2ª avaliación: 33%
- 3ª avaliación: 34%

Crterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere de adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar un "traballo-resumo" de maneira individual do tratado na aula. Isto levarase a cabo á volta dos periodos vacacionais que acompañan as diferentes avaliacións, nas úas semanas seguintes.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De darse o caso de que un alumno/a chegue á avaliación final con dúas ou tres avaliacións non superadas se lle realizará unha proba escrita tipo test de conceptos traballados na aula.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentarase de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visitas a explotacións agrogandeiras, viveiros, ó Conecello de Muxía, Roteiros na contorna	Toma de contacto directa coa "realidade" das temáticas a tratar.
Exposición de carácter aberto e publicitada no centro ou na Sala da Camposa	Exposición e explicación do proxecto á veciñanza.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados